



Asociación para a Loita Contra as Enfermidades Renais de OURENSE



Asociación para a Loita Contra as Enfermidades Renais de OURENSE

## “Memoria das actividades realizadas no ano 2010”

**ALCER Ourense: Sen ánimo de lucro, CIF: G-32.011.041, nº rexistro de entidades voluntarias O-44, nº rexistro provincial 277, declarada de utilidade pública, data de constitución 29 de xaneiro do 1982 - Dirección: A.S. DISCAFIS, Rúa da Farixa, 7 , 32.005 (OURENSE)  
tlf: 988 22.96.15/ 663780330 - [alcerourense@hotmail.com](mailto:alcerourense@hotmail.com)**

ALCER Ourense: Sen ánimo de lucro, CIF: G-32.011.041, nº rexistro de entidades voluntarias O-44, nº rexistro provincial 277, declarada de utilidade pública, data de constitución 29 de xaneiro do 1982 - Dirección: A.S. DISCAFIS, Rúa da Farixa, 7 , 32.005 (OURENSE) tlf: 988 22.96.15/ 663780330 - [alcerourense@hotmail.com](mailto:alcerourense@hotmail.com)



[Asociación para a Loita Contra as Enfermidades Renais de OURENSE](#)

## **ÍNDICE**

### **1. AL CER OURENSE: PRESENTACIÓN**

### **2. ACTIVIDADES**

### **3. ATENCIÓN SOCIAL**

### **4. DESGLOSE DALGUNAS ACTIVIDADES**

**1. DIA MUNDIAL DO RIL  
(11 de marzo)**

**2. TALLER DE BAILE DE SALÓN**

**3. DIA NACIONAL DO DOADOR 2010  
¿Tes falado coa túa familia de facerte doante?  
(2 de xuño)**

**4. STAN RECINTO FERIA DE EXPOURENSE**

**5. CAMPAÑAS DE CONCIENCIACIÓN E  
SENSIBILIZACIÓN NOS COLEXIOS**

**6. EXCURSIÓN A SANTIAGO DE COMPOSTELA  
(30 de maio)**

**7. DIA DO DOADOR UNIVERSITARIO**

**8. CONCERTO SOLIDARIO**

**9. CEA ANUAL DO MAGOSTO**

### **5. ANALISE ESTATÍSTICO**

### **6. RECURSOS PERSOAIS E MATERIAIS**

### **ANEXO 1: NOTICIAS DE PRENSA**

### **ANEXO 2: COLABORADORES**

### **ANEXO 3: CONTA DE PERDIDAS E GANANCIAS**



Asociación para a Loita Contra as Enfermidades Renais de OURENSE

## 1. ALCER OURENSE

**Nome:** ALCER Ourense

(Asociación para a Loita

Contra as Enfermidades Renais de Ourense)

**CIF:** G-32.011.041

**Dirección :**

A.S. DISCAFIS, Rúa da Farixa, 7

32.005 (OURENSE) Tlf: 988 22.96.15 /663 780330

[alcerourense@hotmail.com](mailto:alcerourense@hotmail.com)

**Data de Constitución:** 29 de xaneiro de 1982,  
ONG de carácter sanitario e social, non lucrativa,  
declarada de utilidade pública

**Nº Rexistro de Entidades Voluntarias:** O-44

**Nº Rexistro Provincial:** 277

**Responsable:** Rosa Iglesias de Dios (Presidenta da Asociación)

**Compoñentes do Órgano de Goberno:**

Dende o 4 de febreiro de 2007, a Xunta Directiva da Asociación está formada por:

**Presidenta:** Rosa Iglesias de Dios

**Vicepresidente:** Ana Luz Riveiro González

**Secretario:** Dina Losada Rey

**Tesorero:** Eloy Gómez Iglesias

**Viceteseiro:** Jorge Rodríguez González

**Primero Vocal:** Antonio Vázquez Prada

**Segundo Vocal:** Manuel Vázquez Fernández

**Tercero Vocal:** David Gulias Rivas

**Cuarto Vocal:** Pilar Suarez Aller

**Número de socios:** 130 (71 numerarios e 59 colaboradores)





[Asociación para a Loita Contra as Enfermidades Renais de OURENSE](#)

**ALCER- Ourense é unha Asociación de carácter social e sen ánimo de lucro** que ten como **finalidade xeral**, contribuír a atención **moral e física e social de modo integral** de todas aquelas persoas afectadas de enfermidades renais así como a dos seus familiares, mellorando a súa calidade de vida, así como a prevención e a loita contra as enfermidades do ril mediante o desenvolvemento de actividades de **sensibilización e concienciación** para acadalo.

A Asociación está composta por **enfermos renais crónicos en tratamento de diálise, transplantados do ril**, así como persoas sensibilizadas con este tipo de enfermidade e a súa problemática. O número actual de socios é de 130 membros, dos cales 71 son socios numerarios (enfermos de ril) e 59 socios colaboradores.

O traballo que leva a cabo esta Asociación, a través de tódalas actividades programadas o longo do ano, é totalmente desinteresado; tratando de:

- **Sensibilizar** ó conxunto da sociedade e fomentar a doazón de órganos, a través de campañas de sensibilización e concienciación da Insuficiencia Renal Crónica Terminal (IRCT)
- **Ofrecer** atención a tódolos enfermos renais e as súas familias ( económica, social e psicolóxica)de un xeito integral.
- **Promover** un estado de opinión favorable cara o enfermo renal coa finalidade de conseguir a total integración deste colectivo en tódolos ámbitos da vida.
- **Subsanar e paliar** posibles carencias que presenta a administración ou ben alí onde ela non pode chegar.



[Asociación para a Loita Contra as Enfermidades Renais de OURENSE](#)

Queridos amigos/as, esta memoria que vos entregamos, resume de os proxectos e actividades que a Asociación Alcer Ourense levou a cabo no ano 2010, estas actividades son froito de o empeño e a loita de moitas persoas que de xeito anónimo fixeron posible que hoxe, ALCER OURENSE sexa unha realidade .

Dende Alcer Ourense desexamos manifestar todo o noso agradecemento, a todas aquelas persoas, institucións públicas e persoas anónimas sen as cales sería imposible realizar esta labor, xa que é un traballo de equipo, na que todos e todas as que formamos parte de Alcer colaboramos poñendo o noso gran de area. Por que só froito da unión e traballo de todos/as os que fan Alcer Ourense ( socios, colaboradores, amigos e profesionais a través das súas ideas, horas de traballo así como unha dedicación de xeito altruísta) fan posible que Alcer Ourense, sexa hoxe un referente non só para aquelas persoas que teñen enfermidade renal senón para a sociedade Ourenzá en xeral.

Unha vez mais a Asociación Alcer Ourense, foi capaz de cumprir os seus obxectivos, todo dende o máximo respecto e vocación de servicio.

A todos/as gracias

**Rosa Iglesias de Dios**  
**Presidenta de Alcer Ourense**



[Asociación para a Loita Contra as Enfermidades Renais de OURENSE](#)

## **2. ACTIVIDADES**

### **XANEIRO**

1. Elaboración da memoria das actividades levadas a cabo no ano 2009, así como do balance económico do mesmo ano.
2. Visita semanal ós pacientes en tratamento de diálise do CHOU , entrega dos regalos de reis, cedidos polas diferentes farmacias.
3. Tramitación de cambio de turno para un paciente en diálise ante o Servicio Galego de Saúde.
4. Reunión cos voluntarios da asociación para a planificación de actividades, e organización de tarefas a desenrolar por cada un/unha, solventando dúbidas dos mesmos.
5. Contacto mantido coa CEO para cerrar a presentación ante os medio do calendario solidario.
6. Reunión co presidente da Deputación co obxectivo de transmitirle as dúbidas e necesidades das entidades.
7. Asistencia a reunión da Lei de Dependencia, no edificio Aixiña.
8. Charla no colexio I.E.S nº 1 en Carballiño o luns 18 de xaneiro potentes: Dr. Juan Cortes, coordinador de transplantes en Ourense e David Gulías
9. Concurso de tortilla de patacas celebrado por ALCER Ourense, que tivo como gañador Manuel Vázquez.
10. Charla no colexio, dentro do concurso o día 26 xaneiro, I.E.S Carlos Casares, en Viana do Bolo, potentes: Dr. Juan Cortes, coordinador de transplantes en Ourense e David Gulías, transplantado e vocal de ALCER Ourense.
11. Envío de convocatoria a tódolos socios de Alcer Ourense onde se trataran os diferentes temas: data da Asamblea Xeral, programa de actividades para o ano 2010, atención ós pacientes.
12. Charla na universidade de Ourense, na que se intenta trasladar aos estudante en que consiste as funcións dunha asociación de pacientes e as do traballador social.
13. Entrega da memoria de actividades así como o balance económico do ano 2009 en DISCAFIS-COGAMI e en Vicepresidencia de Igualdade e Benestar Social.



Asociación para a Loita Contra as Enfermidades Renais de OURENSE

14. Entrega das memorias e do balance económico as diferentes entidades e obras sociais como Caixa Galicia e Caixa Nova.
15. Solicitud de participación nun programa de radio da cadena Ser “O Rincón Solidario”, na que cada asociación de Ourense, pretende dar a coñecer as súas actividades e obxectivos. Isto gracias a Oficina de Voluntariado do Concello de Ourense.

## **FEBREIRO**

1. Participación na 17ª Edición Feira da Oportunidade celebrada no recinto de Feiras e Exposicións EXPOURENSE os días 5,6,7 de febreiro; cun stand propio onde se ofrece información sobre a insuficiencia renal e tamén sobre a doazón de órganos.
2. Entrega da memoria de actividades e balance económico do ano 2009 na Deputación de Ourense.
3. Reunión cos voluntarios da asociación para a planificación de actividades, e organización de tarefas a desenrolar por cada un/unha, solventando dúbidas dos mesmos.
4. Entrega de unha guía elaborada pola traballadora social, informando os enfermos de diálises das vantaxes do certificado de minusvalía
5. Envío de cartas a tódolos socios de ALCER para informar da Asamblea Xeral Ordinaria, que terá lugar o domingo día 7 de marzo as 10:30 en primeira convocatoria, na sede social; para informar sobre as actividades e contas do ano 2009 así como da programación e presupostos para o novo ano 2010.
6. Entrega de memoria e balance económico 2009 na Delegación Provincial de Xustiza e na Deputación de Ourense.
7. Visita semanal ós pacientes en tratamento de diálise do CHOU por parte da traballadora social da Asociación.
8. Tramitación de un certificado de minusvalía a un usuario da asociación e renovación do mesmo a outro usuario.
9. Información e definición das diferencias entre os diferentes graos de discapacidade , para a información de un usuario, por a parte da traballadora social.



[Asociación para a Loita Contra as Enfermidades Renais de OURENSE](#)

10. Solicitud a concellería de sanidade de Ourense dunha carpa para celebrar o día Mundial do Ril o vindeiro 12 de marzo.
11. Visita semanal ós pacientes en tratamento de diálise do CHOU por parte da traballadora social da Asociación.
12. Tramitación de dous certificados de minusvalía por parte da traballadora social da asociación.
13. Visita semanal ós pacientes en tratamento de diálise do CHOU por parte da traballadora social da Asociación.
14. Reunión con Bea (Auria diabetes), para a realización das actividades previstas para o Día mundial do Ril en colaboración con Alcer Ourense.
15. Reunión na casa da xuventude para a colaboración no día Da Muller o 8 de marzo.
16. Entrega das memorias aos diferentes bancos e caixas así como aos organismos públicos.
17. Asistencia de Rosa Iglesias, David Gulias e Manuel Vázquez, a reunión de Asociacións de Transplantados en Santiago o día 4 de febreiro na Consellería de Sanidade, convocada pola Oficina de Coordinación de Transplantes
18. Solicitud a concellería de sanidade unha carpa para a celebración do día mundial Do Ril, así como os permisos oportunos para a instalación da mesma na rúa do Paseo.
19. Entrega aos pacientes de diálises de unha guía de axudas así como información do certificado de minusvalía e os beneficios dos mesmos.
20. Reunión coa Asociación Auria para a colaboración nas actividades previstas para o Día DO Ril, control de niveis de glucosa.
21. Contratación de unha carpa coa empresa toldos Ourense, acompañada de catro sillas e un mostrador, para situala na rúa do paseo o día 11 de marzo de 2010, Día Mundial do Ril.
22. Entrega do permiso de responsabilidade civil na consellería de comercio, permiso cedido pola empresa de montaxe de dita carpa.
23. Reunión ca Asociación Auria que colabora con Alcer nas actividades do Día do Ril.
24. Visita aos pacientes de diálises, na residencia e atención e apoio aos mesmos.





Asociación para a Loita Contra as Enfermidades Renais de OURENSE

25. I Xornadas de Coidados en Saúde Renal, de gran interés para as persoas en diálise, colabora e participa Alcer Ourense, a través da Traballadora Social a que falará Sobre As Asociacións de Pacientes.
26. Entrega da carta de e invitación as diferentes autoridades, para o día mundial do ril , que se colocará unha carpa na rúa do paseo

## MARZO

1. Visita semanal ós pacientes en tratamento de diálise do CHOU por parte da traballadora social da Asociación.
2. Petición de dúas enfermeiras para a realización das diferentes probas para o Día Mundial do Ril
3. Participación en XANTAR celebrada no recinto de Feiras e Exposicións EXPOURENSE entre os días 3 o 7 e marzo; cun stand propio onde se ofrece información sobre a insuficiencia renal e tamén sobre a doazón de órganos.
4. Atención a un usuario e tramitación da exención da taxa do imposto de matriculación tramitado pola traballadora social de ALCER.
5. Envío das cartas informativas aos socios de Alcer, para que tivesen constancia das actividades previstas para o día do ril.
6. Envío de comunicado de prensa a tódolos medios de comunicación, informando da carpa que se situará a altura d Delegación do Ministerio de Defensa, onde se realizarán medicións da tensión arterial e niveis de glucosa co fin de dar a coñecer a Insuficiencia Renal e prever as posibles consecuencias.
7. Información e xestión do certificado de minusvalía, na residencia de Ourense, por parte da traballadora social de Alcer.
8. Información e xestión da exención do imposto de matriculación a unha persoa con insuficiencia renal, por parte de la traballadora social de ALCER.
9. Información xestión e asesoramento de todas as axudas a unha persoa recentemente diagnosticada de insuficiencia renal.
10. Reunión cos voluntarios da asociación para a planificación de actividades, e organización de tarefas a desenrolar por cada un/unha, solventando dúbidas dos mesmos.



[Asociación para a Loita Contra as Enfermidades Renais de OURENSE](#)

11. Celebración do **DIA MUNDIAL DO RIL**, o 11 de Marzo, conxuntamente coa Asociación Diabética AURIA. Dende as 10 da mañá e ata as 14 horas contamos cunha carpa instalada na rúa do Paseo onde se realizaron diferentes probas: talla, peso, glucosa e tensión arterial. Son os datos básicos para confeccionar un informe individualizado e coñecer si a persoa analizada presenta factores de risco de padecer diabetese ou problemas de funcionamento do ril. Esta xornada ten como obxectivo a divulgación e a información para sensibilizar os ourensáns sobre os factores evitables
12. Tramitación por parte da traballadora social da asociación da documentación para solicitar a tarxeta de estacionamento para persoas con dificultade de mobilidade.
13. Xestión do servizo de axuda a domicilio a unha persoa en diálise por parte da traballadora social da asociación, así como información e asesoramento dos beneficios do certificado de minusvalía a outra persoa de diálise.
14. Incorporación e adaptación a nova lei de protección de datos, adaptando o material e mobiliario da asociación.
15. Tramitación do servizo de axuda a domicilio pola traballadora social a un socio de Alcer Ourense.
16. Xestión de unha praza de diálises a unha persoa con insuficiencia renal que reside en Madrid e que ven a pasar as vacacións ao Barco de Valdeorras.
17. Celebración do Día Mundial do Ril, que se celebrou o xoves 11 de marzo, na que se realizaron diversas probas como son o nivel de tensión arterial e glucosa.
18. Visita e atención as persoas de diálises por parte da traballadora da asociación,.
19. Tramitación de unha solicitude da tarxeta de estacionamento a unha socia de ALCER con dificultade de movemento.
20. Visita e atención as persoas de diálises por parte da traballadora social de ALCER OURENSE.
21. Reunión no salón de plenos do concello de Ourense con dona Marga Martín (concellería de sanidade) para elaborar as actividades previstas no día Mundial da Saúde.



[Asociación para a Loita Contra as Enfermidades Renais de OURENSE](#)

## ABRIL

1. Recopilación de información sobre respiro familiar e solicitude de axuda pola Lei de Dependencia para enfermos en tratamento de diálise.
2. Inauguración das actividades do PASEO POLA SAÚDE, que se celebrará o vindeiro día 8 e a 9 de ABRIL.
3. Reunión cos voluntarios da asociación para a planificación de actividades, e organización de tarefas a desenrolar por cada un/unha, solventando dúbidas dos mesmos.
4. Visita e atención aos enfermos que están en diálises e elaboración de unha carta de desconformidade por o servicio de ambulancias e a demora nos horarios.
5. Charla no I.E.S Colexio Malvedo o 8 de abril a que acudiron 200 alumnos na que participou O doutor pedro Trillo.
6. Recollida de presupostos para o taller de bailes latinos, e información aos socios de estas actividades.
7. Visita e atención as persoas que están en diálises, atención e xestión de recursos, tamén Rosa Iglesias de Dios( presidenta de Alcer) e Manuel Vázquez visitaron aos pacientes da Fundación renal.
8. Asistencia o día 23 o Congreso galego de Voluntariado celebrado no Palacio de Congresos e Exposicións de Galicia en Santiago de Compostela.
9. Envío de cartas aos socios de ALCER, informándolles da próxima excursión que realizaremos a Santiago de Compostela o vindeiro 30 de maio e con motivo do ano santo.
10. Comeza o taller de bailes latinos o que acudirán socios de ALCER esta, terá lugar na academia de baile Bayamo o vindeiro venres 16 de abril, e prolongarase no tempo en principio por dous meses.
11. Visita semanal ós pacientes en tratamento de diálise do CHOU por parte da traballadora social da Asociación.
12. Presentación da solicitude de subvención ofertada pola xunta de Galicia.
13. Visita e atención por parte da traballadora social ós enfermos de diálises, atención e apoio social.



[Asociación para a Loita Contra as Enfermidades Renais de OURENSE](#)

14. Corrección e modificación de datos erróneos da páxina web, envío dos financiadores e promotores da mesma.
15. Comezo o día 16 de abril o taller de bailes latinos nas que participaron socios de ALCER.
16. Atención e asesoramento por parte da membros da xunta directiva a un socio de Alcer sobre a posibilidade e as diferentes tipos de diálises.
17. Visita semanal ós pacientes en tratamento de diálise do CHOU por parte da traballadora social da Asociación

## MAIO

1. Solicitud a Concellería de Sanidade de Ourense dunha carpa para colocala na rúa do Paseo o día 2 de xuño con motivo do Día Nacional do Doador.
2. Visita e atención aos pacientes de diálise, tramitación e información sobre a lei de dependencia a unha persoa de diálises, e xestión do certificado de minusvalía a un socio de ALCER.
3. Reunión coa traballadora social do SERGAS e co xerente do mesmo para firmar un convenio entre ambas institucións e así formalizar esta colaboración a que acudiron Manuel Vázquez e Laura Álvarez en representación de ALCER.
4. Para o Día Nacional do Doador 2010 encargáronse 300 camisetas co slogan, “ As hablado de ser donante con tu familia”
5. Reunión no salón de plenos do concello de Ourense para solicitar un convenio de colaboración entre a concellería de sanidade e benestar e a nosa asociación
6. Participación no programa de voluntariado Viradeiras, organizado pola Obra Social de Caixa Galicia.
7. Reunión cos voluntarios da asociación para a planificación de actividades, e organización de tarefas a desenrolar por cada un/unha, solventando dúbidas dos mesmos.
8. Petición de presuposto para a colocación de unha carpa na rúa do Paseo en Ourense polo DÍA NACIONAL DO DOADOR.



[Asociación para a Loita Contra as Enfermidades Renais de OURENSE](#)

9. Contacto co secretario da concellería de cultura solicitando axuda económica para cubrir os gastos ocasionados pola celebración do concerto de folk, tales como equipo de son, escenario e xenerador de corrente.
10. Visita e atención os pacientes de diálises por parte da traballadora social de ALCER.
11. Confirmación por parte de Dona Marga Martín da celebración dun convenio entra ambos.
12. Reunión na casa da xuventude de Ourense para comunicarlle ao alcalde as necesidades e carencias da nosa asociación.
13. Preparación da excursión do ano santo que se celebrará este domingo día 30 de maio.
14. Actualización da páxina web das noticias e actividades previstas para o día do doador que se celebrará o vindeiro 2 de xuño.
15. Información e comunicación a todos/as socias da excursión que se fará a Santiago de Compostela o vindeiro 30 de xuño con motivo do ano xacobeo.
16. Participación con un stand en Expourense no salón de Previsel os días 12 e 13 de maio.
17. Comunicación ao restaurante e a empresa de viaxes das persoas que acudiran a excursión a Santiago.
18. Envío de unha solicitude por escrito ao concello de Barco de Valdeorras, para solicitar unha mesa para colocar a información para dar unha sentida homenaxe a todos os que de xeito altruísta e desinteresado doaron parte de si, dando unha segunda oportunidade a moitas outras persoas.
19. Contacto co socios do concello de Verín e de Barco de Valdeorras para solicitar colaboración no Día Nacional do Donante.
20. Comunicación a tódolos socios das actividades previstas para o Día do Doador 2008 e envío dos paquetes cos trípticos necesarios para as mesmas.
21. O Día 30 charla aos alumnos, do Instituto da Carballeira en Ourense, de Rosa e David para contar a súa experiencia como transplantados.
22. Envío de Fax a tódolos medios de comunicación para convocalos a unha rolda de prensa o vindeiro día 2 de xuño para presentar as actividades do Día do Doador.
23. Excursión o domingo 30 a Santiago de Compostela, celebrada pola asociación.



Asociación para a Loita Contra as Enfermidades Renais de OURENSE

## XUÑO

1. Envío de nota de prensa a todos os medio de comunicación para informar das actividades do día do Doador no 2010.
2. Entregar material para o Día do Doador (camisetas, trípticos, libros informativos, carteis...) as mesas situáronse en Barco de Valdeorras, Verín e Xinzo de Limia.
3. O dous de Xuño celebramos o día do doante en Ourense e fixéronse 20 donantes.
4. Reunión cos voluntarios da asociación para a planificación de actividades, e organización de tarefas a desenrolar por cada un/unha, solventando dúbidas dos mesmos.
5. Colaboración con cruz roja en la campaña que se celebrará en Maceda de fomento de hábitos de vida saudables e prevención de enfermidades renais.
6. Celebración do DIA DO DOADOR o 3 de xuño, coa colaboración de voluntarios e xunta directiva de ALCER Ourense.
7. Carpa da A VIDA NON ACABA EN TÍ DOA OS TEUS ÓRGANOS concedida pola Fundación Ceo. Para render unha homenaxe a tódalas persoas solidarias, repartir información sobre a doazón de órganos. Agasallos de camisetas e animación a cargo duns zancudos, dun mago e contacontos.
8. Participación no II SALON DO VIÑO E DOS LICORES celebrada no recinto de Feiras e Exposicións EXPOURENSE entre os días 8 e 9; cun stand propio onde se ofrece información sobre a insuficiencia renal e tamén sobre a doazón de órganos.
9. Petición de un presuposto a viaxes Anpian e González para a excursión que se realizará en setembro.
10. Visita semanal ós pacientes en tratamento de diálise do CHOU por parte da traballadora social da Asociación.
11. Tramitación de varias peticións por parte de dous pacientes en hemodiálises, para solucionar a espera dunha operación, e o atraso dunha ambulancia.
11. Asistencia por parte do tesoureiro da asociación Eloy Gómez a reunión trimestral na que se elaborará un novo convenio de colaboración entre a Federación e as asociacións que a forman.



Asociación para a Loita Contra as Enfermidades Renais de OURENSE

12. Atención a varios socios de Alcer na asociación para a tramitación de unha queixa ao servizo de ambulancias, polo deficitario do servizo.
13. Visita e atención ao centro de diálises aos pacientes, por parte da traballadora social.

## **XULLO**

1. Visita e atención por parte da traballadora social da asociación aos pacientes de diálises así como información sobre os diferentes recursos os que poden acceder..
2. Visita semanal ós pacientes en tratamento de diálise do CHOU por parte da traballadora social da Asociación.
3. Realización das memorias para entregar a principios de 2010.
4. Visita semanal ós pacientes en tratamento de diálise do CHOU por parte da traballadora social da Asociación.
5. Realización e entrega de proxectos de acción social a diferentes entidades como son os laboratorios farmaindustria.
6. Actualización das memorias, e das actividades realizadas pola asociación ao longo de todo o ano.
7. Visita e atención aos pacientes de diálises, por parte da traballadora social.
8. Entrega da xustificación da subvención concedida pola deputación, e entrega das actividades realizadas.
9. Asistimos ó salón de plenos do Concello de Ourense, onde se celebrará a firma dos convenios celebrados polas entidades de acción social e o concello de Ourense

## **AGOSTO**

1. Descanso para todos

## **SETEMBRO**

1. Aprobación da solicitude, para contratar un/unha traballador/a social para ALCER Ourense, procedese a tramitar dita oferta a través do Servicio Galego de Colocación.



[Asociación para a Loita Contra as Enfermidades Renais de OURENSE](#)

2. Entrega da subvención da consellería de traballo coa relación de nóminas e TC1-TC2 correspondente aos servizos prestados pola traballadora social ano 2008-2009
3. Visita semanal aos pacientes en tratamento de diálise do CHOU por parte da traballadora social da Asociación.
4. Reunión cos voluntarios da asociación para a planificación de actividades, e organización de tarefas a desenvolver por cada un/unha, solventando dúbidas dos mesmos.
5. Solicitud de salón de actos para reunión da xunta directiva de ALCER, para a programación das actividades previstas para este ano 2010.
6. Reunión ca delegada de sanidade en Ourense M<sup>a</sup> Billar Suarez, o martes 7 de setembro de 2010, para solicitar un convenio de taxis que substitúa o actual convenio de ambulancias.
7. Contactos telefónico con ALCER Lugo, para elaboración do convenio de taxis.
8. Tramitada a solicitude a Oficina de Emprego de Ourense, unha relación de candidatos que se axustan o posto ofertado pola Asociación.
9. Presentación da aceptación da subvención da Consellería de traballo na delegación provincial.
10. Entrega da carta de aceptación da subvención de servizos sociais.
11. Entrevistas para seleccionar unha persoa traballadora social grazas a subvención concedida pola Consellería de Traballo.
12. Realización do contrato de traballo polo plan de copereación a unha nova traballadora social.
13. Reunión na Ceo para a organización do Maratón solidario, na que colabora a nosa asociación a través de un stand.
14. Tertulia celebrada na cadena Ser “A la tarde ser” na que Rosa Iglesias de Dios (a presidenta) contará as actividades realizadas pola asociación.
15. Xestión do taller de baile, solicitude de prezos e tarifas.
16. Entrega das alegacións realizadas por ALCER a excelentísima deputación, por negación da subvención a entidades de carácter social





[Asociación para a Loita Contra as Enfermidades Renais de OURENSE](#)

## OUTUBRO

1. Enviáronse cartas aos socios para informalos sobre as XXIII Xornadas Nacionais de Enfermos Renais en Madrid, así como o comezo dos talleres de baile e de ximnasia de mantemento.
2. Comeza a súa labor de traballo social, Tamara Morales Díaz o día 1 de outubro por un período inicial de nove meses.
3. Visita semanal aos pacientes en tratamento de diálise do CHOU por parte das Traballadoras Sociais da Asociación.
4. Entrega da xustificación da consellería de Voluntariado da xustificación da subvención concedida para as actividades do Voluntariado no ano 2010.
5. Solicitud de presuposto para a viaxe que se fará dende ALCER as Xornadas Nacionais en Madrid.
6. Participación na Feira Internacional do Turismo Termal TERMATALIA celebrada no recinto de Feiras e Exposicións EXPOURENSE entre os días 15 e 17; cun stand propio onde se ofrece información sobre a insuficiencia renal e tamén sobre a doazón de órganos.
7. Reunión co secretario provincial do sergas co obxecto de substituír o actual servizo de ambulancia por un de taxis, e así mellorar a calidade de vida dos enfermos renais.
8. Elaboración de cartas para os socios onde se lles informa da cea anual prevista para o vindeiro día 20 de novembro.
9. Recopilación de información en Asuntos Sociais do Concello de Ourense, sobre o servizo de comedor sobre rodas e axuda a domicilio.
10. Petición os diferentes supermercados e áreas comerciais de Ourense, e Xinzo para solicitar a súa colaboración en forma de produtos para a elaboración das cestas que se sortearán o día da cea do magosto.
11. Reunión co oficial mayor do concello para celebrar a firma do convenio entre dita entidade.
12. Contacto cos diferentes colexio da provincia, para celebrar charlas informativas e sensibilizar sobre a doazón de órganos.



Asociación para a Loita Contra as Enfermidades Renais de OURENSE

13. Atención personalizada a un familiar de IRC que acudiu á Asociación para recoller información sobre a enfermidade ademais das diferentes axudas que se encontran a súa disposición.
14. Visita semanal aos pacientes en tratamento de diálise do CHOU por parte dunha das Traballadoras sociais da Asociación.
15. Tramitar a incorporación de novos socios, informando sobre as diferentes actividades realizadas na asociación.
16. Coordinación co Secretario de Nefroloxía co fin de que un socio da asociación poda dializarse e trasladarse o correspondente hospital nun viaxe que realizará á comunidade de Madrid o vindeiro mes de Novembro.
17. Atención personalizada a un enfermo de IRC que acudiu á Asociación para recoller información sobre a enfermidade ademais das diferentes axudas que se encontran a súa disposición.
18. Realización de informe social por parte das Traballadoras Sociais para derivación dun usuario da asociación ao Programa de Atención Psicolóxica a través de DISCAFIS en colaboración con A.O.D.E.M.
19. Visita semanal aos pacientes en tratamento de diálise do CHOU por parte dunha das Traballadoras sociais da Asociación.
20. Tramitación de dúas suxestións/reclamacións dirixidas ó SERGAS a través das Traballadoras Sociais da Asociación para o posible cambio das cadeiras de dous pacientes que se encontran realizando hemodiálise.
21. Información a diferentes pacientes en diálise das axudas económicas e sociais que están a súa disposición.
22. Coordinación por parte dunha das Traballadoras Sociais da Asociación coas persoas que darán as charlas( Doutor e Socio transplantado) nos colexios para a súa disposición.
23. Contacto con todos os profesores para comunicarlles a charla e convidalos a asistir xunto cos seus alumnos.
24. Visita semanal aos pacientes en tratamento de diálise do CHOU por parte dunha das Traballadoras sociais da Asociación.



[Asociación para a Loita Contra as Enfermidades Renais de OURENSE](#)

25. Solicitude de salón de actos para o ensaio das actividades prevista polos mais novos, con motivo da cea do magosto.

## NOVEMBRO

1. Visita semanal aos pacientes en tratamento de diálise do CHOU por parte dunha das Traballadoras Sociais da Asociación.
2. Tramitación por parte da Traballadora Social da asociación do S.A.F Municipal (Servizo de Axuda no Fogar) para informar e asesorar a unha persoa que acude a hemodiálise no Hospital Xeral sobre dito recurso diste modo poda acceder o mesmo.
3. Reunión cos voluntarios da asociación para a planificación de actividades, e organización de tarefas a desenrolar por cada un/unha, solventando dúbidas dos mesmos.
4. Atención personalizada a un enfermo de IRC que acudiu á Asociación para recoller información sobre a enfermidade ademais das diferentes axudas que se encontran a súa disposición.
5. Coordinación coa O.C.T (Oficina de Coordinación de Transplantes) para poder realizar as futuras charlas sobre a “Doazón de órganos” co Dr. Pedro Trillo e o Dr. Juan Cortés.
6. Colaboración con un stant propio no recinto feiral de Expórense que se celebra os días 6 e 7 con motivo do “Salón de Actos Sociais” (11ª edición) e do “Encuentro Profesional de la Imagen Personal” (13ª edición).
7. Coordinación por parte das Traballadoras Sociais da Asociación cos diferentes membros da xunta directiva e socios/as da mesma para a confección das cestas de Nadal que se sortearán ana CEA DO MAGOSTO o 20 de novembro.
8. Colaboración con un stant propio no “Salón Galego das persoas maiores” Galisenior, que se celebrou o 6 e 7 de novembro en Expourense.
9. Visita semanal aos pacientes en tratamento de diálise do CHOU por parte dunha das Traballadoras Sociais da Asociación.
10. Reunión concertada cun novo socio de ALCER-OURENSE, enfermo de IRC, con membros da xunta directiva para informalo sobor da enfermidade e ofertarlle as diferentes axudas que dende a asociación podemos facilitarlle.



Asociación para a Loita Contra as Enfermidades Renais de OURENSE

11. Reunión en Santiago de Compostela o día 18 ás 11:00h cos Traballadores Sociais e membros das Xuntas directivas de ALCER- CORUÑA e ALCER-LUGO co obxectivo de formar a Federación Galega de Alcer.
12. Celebración o día 20 da tradicional CEA DO MAGOSTO , que tivo lugar no edificio e restaurante AIXIÑA , a que acudiron gran número de socios familiares e amigos de ALCER.
13. Visita semanal aos pacientes en tratamento de diálise do CHOU por parte dunha das Traballadoras Sociais da Asociación.
14. Coordinación por parte dunha das Traballadoras Sociais de ALCER, cunha socia de ALCER-LEÓN para o posible traslado da súa nai que se encontra en tratamento de diálise na provincia de Ourense.
15. Realización da charla sobre a “Doazón de Órganos e as Enfermidades do Ril”o día 24 á 13:15h no CPR San José coa colaboración do Doutor Juan Cortés e un socio da asociación, persoa transplantada de Ril, David Gulias.
16. Visita semanal aos pacientes en tratamento de diálise do CHOU por parte dunha das Traballadoras Sociais da Asociación.
17. Remisión de cartas de agradecemento tanto ás entidades que colaboraron con ALCER-OURENSE coma ás autoridades que acudiron a CEA ANUAL DO MAGOSTO.

## **DECEMBRO**

1. Visita semanal aos pacientes en tratamento de diálise do CHOU por parte dunha das Traballadoras Sociais da Asociación
2. Atención e recepción da demanda de usuarios sobre a renovación do grao de discapacidade.
3. Recollida por parte dunha das Traballadoras Sociais de ALCER de firmas dos pacientes que se encontran en diálise, tanto na Residencia (CHOU) coma na Fundación Renal Iñigo Álvarez Toledo de Ourense, para solicitar un convenio de calidade co Servizo de Ambulancias a través do SERGAS.
4. Reunión co Secretario Provincial do Servizo Galego de Saúde da Provincia de Ourense, D. Eliseo Lorenzo Carballo, o día 3 de Decembro ás 09:30h por parte



[Asociación para a Loita Contra as Enfermidades Renais de OURENSE](#)

- dunha das Traballadoras Sociais e dous membros da Xunta Directiva de ALCER-OURENSE co fin de realizar un acordo entre Asociación de Loita Contra as Enfermidades Renais e o servizo de ambulancias; para ofrecer un servizo de calidade e deste modo mellorar a calidade de vida de estas persoas.
5. Envío de cartas informativas aos socios de ALCER para a posibilidade de solicitar a nova “Tarxeta Confort Auto” de forma totalmente gratuíta e deste modo poder participar en diferentes descontos de varias empresas asociadas.
  6. Entrega na Excelentísima Deputación de Ourense a xustificación da subvención solicitada.
  7. Feira de Megaxove no recinto De Expourense , celebrado os días 4-5-6-7--8 de Decembro, na que participou Alcer Ourense cun stand propio gracias a colaboración dos voluntarios e da xunta directiva.
  8. Reunión cos voluntarios da asociación para a planificación de actividades, e organización de tarefas a desenrolar por cada un/unha, solventando dúbidas dos mesmos.
  9. Reunión concertada o día 9 de Decembro as 11:30h cunha parella,un deles enfermo de IRC, con membros da xunta directiva e coas Traballadoras Sociais da asociación para informalos sobor das dúbidas que teñas sobre IRC e o seu tratamento así coma ofertarlles as diferentes axudas que dende a asociación podemos facilitarlles.
  10. Visita e atención aos pacientes que están en diálises por parte dunha das Traballadoras Sociais da asociación.
  11. Solicitud á Xerente do CHOU e o Xefe do Parking de Ramón Puga Noguero, D.<sup>a</sup> Eloína Núñez Masid e D. Manuel Bernárdez respectivamente, para a súa posible colaboración con ALCER-Ourense na procura de habilitar algunhas prazas de aparcadoiro próximas o CHOU ós pacientes de IRC que teñen que trasladarse cos seus vehículos para dializarse.
  12. Recepción e atención a usuarios da asociación e información de axudas e recursos económicos os que poden acceder.
  13. Visita semanal aos pacientes en tratamento de diálise do CHOU por parte dunha das Traballadoras Sociais da Asociación



[Asociación para a Loita Contra as Enfermidades Renais de OURENSE](#)

14. Coordinación entre as Traballadoras Sociais de ALCER coa Psicóloga Clínica de A.O.D.E.M co fin de realizar unha atención conxunta os enfermos que se encontran en diálise no CHOU de Ourense.
15. Envío das postais navideñas a todos os socios e amigos de Alcer Ourense.
16. Visita e atención aos pacientes que están en diálises por parte dunha das Traballadoras Sociais da asociación.
17. Reunión por parte dunha das Traballadoras Social da asociación cunha parella, un dos cales encóntrase en dialise, o día 22 de Decembro ás 09:00h no Complexo Hospitalario de Ourense; para facilitar información sobre o Grao de Discapacidade e os diferentes servizos, programas e axudas que están o seu alcance. Asemade, derivamos á Traballadora Social do concello de residencia de dita parella para a tramitación dos mesmos.
18. Visita e atención aos pacientes de diálises por parte dunha das Traballadoras Sociais da asociación.
19. Realización e entrega das memorias aos diferentes organismos.

### **3.ATENCIÓN SOCIAL**

Este será realizado por un/unha técnico en traballo social ó longo de todo o ano desenvólvense diferentes e diversas actividades encamiñadas a conseguir os obxectivos mencionados anteriormente. Estas van dirixidas non só os enfermos renais senón tamén o resto dos cidadáns da provincia de Ourense, para transmitir información sobre a prevención de ditas enfermidades, así como a concienciación sobre o tema da doazón de órganos.

**A traballadora social é unha figura imprescindible para a realización de todas as actividades previstas pola asociación e así poder acadar os obxectivos marcados.** Esta actividade levarase a cabo ao longo de todo o ano 2010 e sen a cal non podíamos realizar as actividades.

#### **1º Funcións terapéuticas/ asistenciais.**

Directas: intervención social co propio afectado/a

Indirectas: Intervención co entorno, movendo os obstáculos para o normal funcionamento



[Asociación para a Loita Contra as Enfermidades Renais de OURENSE](#)

## **2º Educativas:**

Charlas informativas en colexios, institutos, asociacións de veciños, concellos (en toda a provincia de Ourense).

Charla Universidad de Vigo en Ourense.

## **3º Sensibilización e Concienciación:**

Celebración do Día Mundial do Ril (segundo xoves de marzo).

Celebración do Día do Doador (primeiro mércores de xuño).

Participación na actividade “Un Paseo pola Saúde” organizada polo concello de Ourense.

Participación nas feiras de Expourense, grazas a un convenio de colaboración firmado entre Expourense e a Asociación.

Celebrando o mes da Doazón Universitario/a.(Campus Universitario de Ourense).

Participando na Casa Solidaria (na Casa da Xuventude).

Charlas en colexio, institutos e asociacións de veciños

## **4º Sociais:**

Acompañamento atención a pacientes en hemodiálise e diálise peritoneal..

- Evaluar** a través de informes e entrevistas necesarios as necesidades sociais e individuais dos enfermos.

- Diagnóstico, orientación e tratamento** dos problemas sociais dos usuarios

- Asesoramento e tratamento social** dos pacientes ou familiares a petición propia ou ben dos equipos asistenciais .

- Sensibilización** dos profesionais sanitarios sobre a detección de aspectos sociais del paciente así como da sociedade en xeral da importancia da prevención da enfermidade renal.

- Concienciación a sociedade** en xeral sobre a insuficiencia renal crónica así como da importancia de doar órganos para salvar vidas.A través de campañas de sensibilización e concienciación.

- Coordinar con outros servicios** (públicos e privados) a fin de canalizar adecuadamente la problemática social.

- Información**, dando a coñecer o usuario os recursos sociais aso que pode optar así como os que ten dereito, atendendo A súa situación específica. referencia a, tales como:



Asociación para a Loita Contra as Enfermidades Renais de OURENSE

O servizo de información, orientación e asesoramento cobre entre outras as seguintes demandas:

- Certificados de Minusvalía
- Vacacións e Turismo Social
- Servizo de Axuda a Domicilio
- Teleasistencia Domiciliaria
- Reintegro gastos SERGAS: transporte adaptado e medicamentos
- Pensións da Seguridade Social (contributivas e non contributivas)
- Axudas económicas (Xunta, Concello)
- Axudas técnicas (sillas rodas, muletas...)
- Bonificacións por Minusvalía.
- IRPF
- Familias Numerosas, carné familia numerosa.
- Vehículos adaptados

**Visitas a Domicilio** As zoas máis afastadas do núcleo urbán, aquelas persoas que debido a súa situación xeográfica teñan máis dificultade para acceder aos recursos e así coñecer as posibles necesidades ou carencias sociais que poden padecer e solventalas.

**Visitas a centros de diálise** realizando unha escoita activa a estes enfermos que servirá en moitas casos para detectar posibles necesidades ou ben serán eles quen as demanden e xestionándoas dende a asociación, esto realizarase tres días a semana en tres turnos diferentes e en toda a provincia de Ourense (Barco de Valdeorras e Verín).

## **4. DESGLOSE DALGUNHAS ACTIVIDADES**

### **1. DIA MUNDIAL DO RIL.**

A Enfermidade Renal Crónica representa un dos principais problemas de saúde do século XXI, tanto pola súa elevada prevalenza como pola súa importante incidencia cardiovascular; cos custes sociais e económicos que esto implica.





[Asociación para a Loita Contra as Enfermidades Renais de OURENSE](#)

O obxectivo da celebración do Día Mundial do Ril, non é outro que o de amosar a sociedade Ourenzá a realidade do enfermo renal e transmitir a poboación e aos profesionais sanitarios a importancia da prevención e a detección precoz.

En España mais de 45.000 persoas padecen insuficiencia renal crónica e unhas 22.000 persoas descoñecen ter unha enfermidade renal. Cada ano únense outras 6.000.

UN DE CADA DEZ ADULTOS ten algunha enfermidade renal. Esta enfermidade medra alentada por factores relacionados co modo de vida actual; non presenta síntomas, pero pódese detectar facilmente e previr as súas serias consecuencias.

Para asegurar unha boa prevención é determinante actuar sobre os factores de risco como a hipertensión, a diabetes e o sobrepeso é por ese motivo que este ano temos por lema **“PROTEXE OS TEUS RILES, CONTROLA A DIABETES”**. quenes o desexen poderán medirse a tensión e os niveis de glucosa de xeito gratuíto. Una de las principais causas de las que deriva la insuficiencia renal é o mal control da diabetes, dos niveles de glucosa en sangue. Actualmente na provincia de Ourense existen mais de 1000 persoas que padecen diabetes, polo que entendemos que só unha boa información pode evitar consecuencias maiores.

A Sociedade Española de Nefroloxía puxo en marcha o Día Mundial do Ril ( Segundo xoves do mes de marzo), coa finalidade de sensibilizar e concienciar a médicos de atención primaria así como a poboación en xeral da importancia de función renal como marcador da enfermidade crónica e de risco vascular.

A insuficiencia renal é unha enfermidade silenciosa que non produce síntomas pero que as súas consecuencias son moi graves. A detección da insuficiencia renal é moi sinxela a través de un análise de sangue, podemos saber se estamos enfermos.

A diabetes, é un dos principais factores de risco modificables da insuficiencia renal, as persoas hipertensas son as que máis deben coidarse, mantendo a raia a hipertensión co tratamento axeitado pódese evitar a progresión desta enfermidade. A hipertensión aumenta a presión sobre os vasos sanguíneos que entran e saen dos riles, provocando que non podan cumprir adecuadamente a súa función principal, filtrar as toxinas que leva a sangue



[Asociación para a Loita Contra as Enfermidades Renais de OURENSE](#)

O propósito é fomentar o coñecemento da importancia dos riles e difundir o concepto de que as enfermidades renais son COMÚNS, DAÑINAS E TRATABLES.

O 90% das persoas que padecen insuficiencia renal NON NO SABEN

Por terceiro ano, ALCER Ourense e a Asociación Diabética AURIA, únense para celebrar este DIA MUNDIAL DO RIL organizando diferentes actividades cas que se pretende crear un estado de conciencia entre a sociedade ourensá.

### **ACTIVIDADES PROGRAMADA PARA O DIA MUNDIAL DO RIL**

- Instalación dunha carpa informativa situada na Rúa Paseo (a altura da delegación o ministerio de Defensa ) dende as 10:00h ata as 14:00h, en horario de mañá e de tarde 16.00 a 19.00.
- Inauguración as 12:00h por Dona Marga Martín, concelleira de Sanidade.
- Realización de diversas probas coma medicións de glucosa, peso, talla, niveis de creatinina, ecocontrol e tensión arterial durante toda a mañá e tarde realizadas por persoal sanitario que nos indicarán de modo orientativo se estamos en risco.

Obxectivos perseguidos: Amosar a sociedade e xeral cal é a realidade da enfermidade renal e transmitir a poboación en xeral e a Ourenzá en especial sobre a importancia da prevención e a detección precoz da enfermidade.

Recursos humanos: xunta directiva, colaboradores voluntarios e profesionais médicos e enfermeiros voluntarios. Asociación Auria.

Recursos materiais: carpa situada na rúa do Paseo, carteis, dípticos e trípticos informativos, medidores de glucosa, tallímetro, tensiómetro, báscula, carteis anunciadores e trípticos da Asociación.

Data de celebración: segundo xoves do mes de marzo, este ano o día 11

**PROMUEVE Y ORGANIZA: ALCER OURENSE**



[Asociación para a Loita Contra as Enfermidades Renais de OURENSE](#)

### **COLABORAN:**

Asociación Diabética AURIA

Servicio de nefroloxía do Complexo Hospitalario de Ourense

Concelleira de sanidade do Concello de Ourense.

Fundación Renal Íñigo Álvarez de Toledo.



## **2. TALLER DE BAILE DE SALÓN**

### **FUNDAMENTACIÓN DEL EJERCICIO FÍSICO**

A práctica do exercicio físico é recomendable para toda as persoas, aínda que o feito especial é para os pacientes de Insuficiencia Renal Crónica .

A inactividade resulta totalmente perjudicial se temos en conta que é un factor de risco e que profundiza as enfermidades cardiovasculares asociadas á Insuficiencia Renal Crónica , ademais empeora as enfermidades reumáticas que teñen unha alta frecuencia nos enfermos dialíticos.

O anterior evidentemente significa que o tratamento terapéutico nestes suxeitos , vai a diminuír a morbilidade da enfermidade renal e mellorar a calidade de vida de estes enfermos, así como axudaralles a mellorar a hemodiálises , aumenta a masa corporal diminuindo a morbilidade e a estar mellor preparado para a espera do momento do



[Asociación para a Loita Contra as Enfermidades Renais de OURENSE](#)

transplante. A importancia do exercicio en pacientes con enfermidade renal está sendo máis recoñecida cada día. Unha alta porcentaxe destes pacientes, especialmente os que teñen unha diabetes asociada, caen dentro dos grupos sanitarios para os cales o exercicio está especialmente recomendado.

Un programa regular de actividade física é considerado, no enfermo renal crónico, parte do tratamento estándar da hipertensión, hiperlipidemia e control glucémico, así como da prevención primaria e secundaria da enfermidade arterial coronaria. Ademais de reducir o risco cardiovascular, o exercicio físico regular inflúe en forma positiva no problema do deterioro óseo, na debilidade muscular e na capacidade física global do enfermo renal crónico.

As dietas con restricción proteica demoran a progresión do fallo renal e reducen os síntomas da síndrome urémico, pero esta restricción asóciase a un deterioro do estado nutricional que supón unha perda de masa muscular, os exercicios de resistencia aumentan a retención nitroxenada mellorando a súa función con melloría na calidade de vida.

O exercicio aumenta a capacidade física de traballo, mellora o perfil lipídico, mellora a sensibilidade á insulina e diminúe os requirimentos de medicación antihipertensiva nalgúns pacientes. Polo tanto o exercicio ten o potencial de reducir a prevalenza de varias das condicións que promoven a aterogénesis dos pacientes en etapas avanzadas da IRC, ademais hai unha significativa mellora no grado de anemia nos hemodializados que fan exercicios.

**Bailes de salón:** son los más recomendados para adultos y personas mayores porque son menos arriesgados y más sencillos de practicar. No se requiere de grandes habilidades y sus movimientos son más bien simples y se realizan para eliminar tensiones, corregir la postura y consumir energías.

**Beneficios do baile:** Ademais de ser unha boa opción para reducir o estrés e superar a timidez, a través do baile estimulamos a circulación sanguínea e melláramos a flexibilidade e a resitencia.



[Asociación para a Loita Contra as Enfermidades Renais de OURENSE](#)

## Obxectivos específicos

- Mellorar a condición física e funcional das persoas con insuficiencia renal crónica e transplantadas.
- Proporcionar o coñecemento e as competencias necesarias para que as persoas con insuficiencia renal crónica e transplantadas comprendan os efectos beneficiosos da práctica regular de actividade física e poidan realizala con autonomía e seguridade e eficacia para a súa saúde
